

## INFORMACION XERAL CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2023

- **Destinatarios:** para o alumnado de 4º, 5º e 6º de E. Infantil, toda E. Primaria, e 1º da ESO.
- **Datas de celebración: Realizarase por quendas, de luns a venres (agás festivos):**
  - 1ª quenda: Do 3 ao 14 de xullo de 2023 (10 días).
  - 2ª quenda: Do 17 ao 31 de xullo de 2023 (10 días) agás o 25 que é festivo.
  - 3ª quenda: Do 1 ao 14 de agosto de 2023 (10 días).
  - 4ª quenda: Do 17 ao 31 de agosto de 2023 (11 días).

Poderá solicitarse a participación da mesma persoa nunha ou en máis quendas e no caso de solicitar as catro deberá estar debidamente xustificada a súa solicitude.
- **Nº Prazas:** O número mínimo de prazas para que se poñan en marcha as actividades do campamento e que se van a ofertar é de 20 por quenda. O número máximo é de 126 por quenda. Este número máximo de prazas pode variar, xa que se no período de inscrición se reciben máis solicitudes que prazas nunha das quendas e hai prazas libres noutras, estas distribuiranse para poder admitir o número máximo de solicitudes recibidas. Por tanto o número máximo de 126 poderá aumentar naquelas quendas onde haxa maior demanda e poderá diminuír naquelas quendas onde haxa menor demanda, de forma que unha vez distribuídas o número de prazas vacantes en cada quenda será o que resulte deste reparto.

Prazas mínimas e máximas por quenda para que se leven a cabo os servizos:

SERVIZOS	Mínimo por quenda	Máximo quenda	por
	Atención aos participantes a 1ª hora	10	
Almorzo	10		
Actividades	20		
Comida	25		
Transporte	10		

Aínda que o número máximo pode variar en función da demanda.

- **Periodo de inscrición:** O período de inscrición irá do **24 de abril ao 5 de maio de 2023** (ambos inclusive).
- **Datas de publicacións de solicitudes admitidas e lista de agarda:**

### **CASO 1.- Se non se reciben máis solicitudes que prazas:**

**Se non** se reciben máis solicitudes que prazas no periodo de inscrición, e tendo en conta tamén que non haxa máis solicitudes que prazas nunha das quendas logo da distribución das mesmas entre as quendas, o anuncio inicial de admisión de solicitudes cos servizos que inicialmente poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas **publicarase a partir das 14:00 horas do 19 de maio de 2023** na páxina web municipal ou se poderá chamar ao Concello de Cambre (concellería de Educación) ao nº de tf.: 981 613 291.

**A baixa ou cambio de modalidade** solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais ou por vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Cambre, ata as 23:59 horas do 26 de maio de 2023. Logo desas datas procederase igualmente ao cobro da actividade, agás se a solicitude de baixa ou cambio de modalidade fose por causa de forza maior e xustificada.

Haberá unha **publicación definitiva** de solicitudes admitidas e lista de agarda e os servizos definitivos que van realizarse, xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial poden variar, **a partir das 10:00 horas do día 5 de xuño de 2023** na páxina web municipal.

#### **CASO 2.- Se se reciben máis solicitudes que prazas:**

Se se reciben máis solicitudes que prazas no periodo de inscrición nalgunha das quendas ou en todas, e tendo en conta tamén que haxa tamén máis solicitudes que prazas nalgunha das quendas logo da súa distribución entre as mesmas, terase que facer a selección dos/das participantes valorando as solicitudes recibidas.

Polo que **se publicará como data límite ás 13:00 horas do 15 de maio de 2023** a información indicando en que quendas hai máis solicitudes que prazas polo que neste caso deberase facer valoración das solicitudes recibidas para o que os solicitantes deberán presentar a documentación mencionada no apartado: **“Documentación a presentar no caso de haber máis solicitudes que prazas vacantes presentadas no periodo de inscrición”**.

Esta documentación para a súa valoración a terán que presentar (logo do requirimento, que poderá ser por [notifica.gal](mailto:notifica.gal) ou no seu defecto por correo postal e darase a coñecer tal circunstancia na páxina web municipal), polos seguintes medios:

Vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os pais, nais ou titores/as deberán mirar na páxina web municipal ou chamar ao Concello de Cambre (Concellería de Educación 981 613 291) a información que se publicará como data límite ás **13 horas do día 9 de xuño de 2023** para coñecer a **relación inicial de admitidos** e os **servizos que inicialmente** poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas de todas as quendas (tiveran inicialmente máis solicitudes que prazas ou non). Esta información pode variar logo das baixas ou cambio de modalidade que se comuniquen por parte dos participantes admitidos/as.

**A baixa ou cambio de modalidade**, neste caso, das solicitudes recibidas de todas as quendas (tiveran inicialmente máis solicitudes que prazas ou non) solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais ou por vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Cambre, antes das **23:59 horas do 16 de xuño de 2023**, logo desas datas procederase igualmente ao cobro da actividade, agás causa de forza maior e xustificada.

Haberá unha **publicación definitiva** de **lista de participantes admitidos/as e lista de agarda e os servizos definitivos** que van realizarse, xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial poden variar, como límite ás **13:00 horas do día 23 de xuño de 2023** na páxina web municipal.

- **Selección dos/das participantes:** Admitiranse todas as solicitudes recibidas no prazo establecido se non se reciben máis que prazas e cumpren cos requisitos de idade dos/das participantes, en primeiro lugar dos empadroados en Cambre, logo os que os seus/súas pais/nais ou titores/as traballen no municipio de Cambre e por último os nenos e as nenas empadroados/as noutros municipios.

Se houbera máis solicitudes que prazas farase unha valoración de solicitudes tendo en conta os seguintes criterios e na seguinte orde:

- Empadramento: terán preferencia en primeiro lugar os nenos e as nenas empadroados/as en Cambre, logo os que os seus/súas pais/nais ou titores/as traballen no municipio de Cambre e por último os nenos e as nenas empadroados/as noutros municipios.

Seguindo o criterio do empadramento darase a seguinte puntuación segundo as seguintes circunstancias:

- Situación laboral:

- en primeiro lugar: se os/as dous/dúas proxenitores/as **traballan nos días para o que solicita o campamento**; no caso de ser monoparental se o seu proxenitor/a traballa **nos días para o que solicita o campamento**; no caso de separación ou divorcio se traballa **nos días para o que solicita o campamento** o/a proxenitor/a que ten ao seu cargo o/ a seu/ súa fillo/a. 2 puntos
- en segundo lugar: se un/unha proxenitor/a traballa **nos días para o que solicita o campamento** e o outro/a non. 1 punto
- en terceiro e último lugar: cando non traballa ningún dos proxenitores/as. 0 puntos

- Situación familiar:

- Se é muller vítima de violencia de xénero (en todas as súas manifestacións): 1 punto
- Se é familia monoparental ou monomarental: 1 punto
- Se a familia ten persoas dependentes ao seu cargo: 1 punto

Farase a selección de solicitudes logo da suma de puntos segundo as circunstancias mencionadas anteriormente (de maior a menor puntuación) e no caso de empate terase en conta o nivel de renda per cápita anual da unidade familiar do ano 2021 e terán preferencia o que teña menor nivel de renda per cápita anual en diante.

Para xustificar a situación laboral e a situación familiar deberán presentar, cando se lle requira, a documentación que se indica máis adiante no apartado: “**Documentación a presentar no caso de haber máis solicitudes que prazas vacantes presentadas no período de inscrición**”.

- **Solicitudes presentadas fóra do período de inscrición:** A orde das solicitudes presentadas fóra do período de inscrición virá determinada por orde rigoroso de recepción.

- **Lista de agarda:** No caso de que se presenten máis solicitudes de inscrición que o número de prazas máximo que hai, elaborárase unha lista de agarda.

E no caso de haber baixas dos/das participantes admitidos/as, chamarase por orde da lista de agarda para darlle de alta ao que corresponda se este segue interesado/a en participar.

- **Documentación para a inscrición:**

- Solicitud de inscrición (segundo modelo normalizado) a descargar na páxina web municipal.
- Documentación acreditativa do núm. IBAN de conta bancaria onde se fará o cargo do prezo público correspondente ás actividades.
- Documentación necesaria para acreditar as reducións marcadas na solicitud de inscrición.
- No caso de que soliciten redución na cota da comida:
  - Autorización asinada de comprobación de datos de renda de todos e cada un dos membros maiores de idade da unidade familiar á Axencia Tributaria. No caso de non autorizar a dita comprobación de datos poderá presentar a copia da declaración da Renda de todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade.

- Libro de Familia.
- De ser o caso: sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador onde indique a pensión de manutención establecida, certificado de viuvez, certificado de familia monoparental ou monomarental emitido pola administración competente ao efecto.

**Esta documentación terase que presentar:**

- **Vía telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.**

**Documentación a presentar no caso de haber máis solicitudes que prazas vacantes presentadas no período de inscrición:**

- Para xustificar a **situación laboral** deberán presentar cando se lle requira:
  - Informe da empresa no que conste que a quen lle corresponda que **ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a**, ou calquera outro documento que o acredite dos proxenitores que si traballen neses días.
  - No caso de que un ou os dous proxenitores sexa autónomo deberá presentar o último recibo de pago ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e declaración xurada que indique que **ten que traballar os días nos que solicita o campamento** para o/a seu/súa fillo/a.
- Para acreditar a **situación familiar** deberán presentar cando se lle requira:
  - Se é muller vítima de violencia de xénero (en todas as súas manifestacións): A documentación establecida no artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
  - Se é familia monoparental ou monomarental: Certificado expedido pola administración competente ao efecto, sentenza de separación ou divorcio, certificado de viuvez, ou calquera outra documentación que o acredite segundo a circunstancia que dea lugar a esta situación e o libro de familia completo da unidade familiar.
  - Se a familia ten persoas dependentes ao seu cargo: Persoas que teñan acreditación de grado de dependencia por el órgano competente, e/ou recoñecemento do grao de discapacidade.
- Autorización asinada polo/a solicitante e todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade para que o concello de Cambre solicite o nivel de renda á Axencia Tributaria do ano 2021 e no caso de non autorizar a dita comprobación de datos poderá presentar a copia da última declaración da Renda de todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade.
- Libro de familia completo (ata a primeira folla en branco incluída), para saber cantos membros forman a unidade familiar.
- No caso de separación ou divorcio, sentenza de separación, convenio regulador onde indique a pensión de manutención (de ser o caso), certificado de viuvez ou calquera outra documentación que o acredite segundo a circunstancia que dea lugar a esta situación e o libro de familia completo da unidade familiar.
- Se xa presentou no ano 2022 ou no 2023 o Libro de Familia, a sentenza de separación, convenio regulador e o nº de IBAN, non será necesario que o presente de novo con esta solicitude se esa documentación está en vigor, pero si é obrigatorio que o indique expresamente na súa solicitude, con mención expresa ao expediente no que obre a documentación.

O Concello de Cambre, poderá solicitar tanta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

- **Lugar de realización:** Realizarase no CEIP Wenceslao Fernández Flórez (pavillón polideportivo, aula usos múltiples, aula ANPA, ximnasio e comedor do centro e baños anexos a cada espazo).

A realización das actividades neste centro escolar está supeditada á súa autorización polo Consello Escolar do centro e autoridade competente.

- **Servizos:** O programa diario estará estruturado da seguinte forma:

- Haberá servizo de Mañanceiro a primeira hora da mañá con almorzo incluído, para quen o solicite, de 7:30 a 9:30 horas sen servizo de transporte, polo que son os pais/nais/titores os que teñen que levar directamente aos seus/súas fillos/as ao centro escolar.
- Haberá servizo de transporte para os que o soliciten, con paradas nos centros escolares e urbanización da Barcala.

PARADA	Horario de ida	Horario de volta
CEIP Plurilingüe Graxal	8:50 h	17:05 h
CEIP Portofaro	8:55 h	17:00 h
P. Bus rotonda entrada A Barcala	8:55 h	17:00 h
EEl San Bartolomeu de Pravio	9:00 h	16:55 h
CEIP Emilio Glez. López de Brexo-Lema	9:05 h	16:50 h
CEIP GTB de Sigrás	9:15 h	16:40 h
CEIP Wenceslao Fdez. Flórez	9:25 h	16:30 h

Estas paradas e horarios poden variar en función da demanda.

- As actividades propias do programa realizaranse de 9:30 a 13:30 horas. Serán actividades lúdico - deportivas e culturais e estarán relacionadas co Verán. Faranse grupos de 14 participantes por idades co/coa seu/súa monitor/a.
- Servizo de atención aos participantes de 13:30 a 14:30 horas, sen comida.
- Por último, de 13:30 a 16:30 horas haberá servizo de comida no comedor escolar para quen o solicite, e os participantes farán actividades logo da comida e antes de que saia o transporte ou sexan recollidos/as polos/as seus/súas pais/nais ou titores. Se non houbera as solicitudes suficientes para poñer en marcha o servizo de comida, as actividades rematarían ás 14:30 horas e o autobús sairía a esa hora. Habería atención aos participantes aos que vaian a recoller ao centro de 14:30 a 15:00 horas.

O horario do transporte, neste caso, sería o seguinte:

PARADA	Horario de ida	Horario de volta
CEIP Plurilingüe Graxal	8:50 h	15:05 h
CEIP Portofaro	8:55 h	15:00 h
P. Bus rotonda entrada A Barcala	8:55 h	15:00 h
EEI San Bartolomeu de Pravio	9:00 h	14:55 h
CEIP Emilio Glez. López de Brexo-Lema	9:05 h	14:50 h
CEIP GTB de Sigrás	9:15 h	14:40 h
CEIP Wenceslao Fdez. Flórez	9:25 h	14:30 h

- **Prezos:** O prezo público e as reducións son as reflectidas no Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais. Tendo en conta o número total de horas do programa por módulos o prezo sería o seguinte:

As modalidades son as seguintes:

Nº	HORARIO	MODALIDADE
1	7:30-13:30h (6 horas)	Mañanceiro (con ou sen almorzo) e actividades (sen bus).
2	7:30-14:30h (7 horas)	Mañanceiro (con ou sen almorzo), actividades e atención aos participantes de 13:30 a 14:30 h (sen comida e sen bus).
3	7:30-16:30h (9 horas)	Mañanceiro (con ou sen almorzo), actividades e comida (sen bus de ida e con bus de volta).
4	9:30-13:30h (4 horas)	Só actividades (con bus de ida e sen bus de volta).
5	9:30-14:30h (5 horas)	Actividades e atención aos participantes de 13:30 a 14:30 h (sen comida e con bus de ida e sen bus de volta).
6	9:30-16:30h (7 horas)	Actividades e comida (con bus de ida e de volta).



Tendo en conta as diversas modalidades que poden xurdir, as tarifas a aplicar por modalidade e quenda serían as seguintes:

Nº MODALIDADE	1ª QUENDA Do 3 ao 14 de xullo (10 días)	2ª QUENDA Do 17 ao 31 de xullo agás o 25 que é festivo (10 días)	3ª QUENDA Do 1 ao 14 de agosto (10 días)	4ª QUENDA Do 17 ao 31 de agosto (11 días)
1	60 euros	60 euros	60 euros	66 euros
2	70 euros	70 euros	70 euros	77 euros
3	90 euros + 40 euros(comida) = 130 euros	90 euros + 40 euros(comida) = 130 euros	90 euros + 40 euros(comida) = 130 euros	99 euros + 44 euros(comida) = 143 euros
4	40 euros	40 euros	40 euros	44 euros
5	50 euros	50 euros	50 euros	55 euros
6	70 euros + 40 euros(comida) = 110 euros	70 euros + 40 euros(comida) = 110 euros	70 euros + 40 euros(comida) = 110 euros	77 euros + 44 euros(comida) = 121 euros

Se non houbera o servizo da comida nalgunha das quendas o importe da modalidade elixida con comida sería o que corresponda polo número de horas e sen comida.

**- Importante a ter en conta polos/as pais/nais ou titores:**

- As autorizacións que figuran na solicitude deben ser cubertas. De non ser cubertas ou omitir a dita información, o Concello non se fará responsable das circunstancias que poidan ocorrer relacionadas coas mesmas.
- Os participantes non poderán achegar material propia da casa nin aparellos electrónicos nin teléfono móbil.
- Os participantes non poderán levar comida para o almorzo nin para a comida pero si para a merenda a media mañá.

**IMPORTANTE:** A presentación de calquera documentación terá que ser vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PARA MÁIS INFORMACIÓN CHAMAR AO CONCELLO DE CAMBRE (EDUCACIÓN) NO Nº DE TELÉFONO 981 613 291, O ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO A: [educacion@cambre.org](mailto:educacion@cambre.org)

Cambre, 18 de abril de 2023

O concelleiro de Educación, Medioambiente, Mobilidade e Sanidade  
 Miguel Ángel Gutiérrez Nieto